

INFORMACIÓN BACHARELATO STEM

CURSO ACADÉMICO 2022/2023

O STEMbach ou Bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía, promove a vocación do alumnado cara a investigación científica e tecnolóxica e permite unha conexión directa co ensino universitario.

O bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía (STEMbach), contribuirá a favorecer no alumnado mais motivado o afondamento no traballo das competencias matemática e básica en ciencia e tecnoloxía mediante procedementos da investigación e do método científico podan acadar a excelencia nos coñecementos, cunha metodoloxía baseada na investigación como principio esencial, realizar prácticas para coñecer as aplicacións reais da ciencia e a técnica, así como adquirir unha formación actualizada e autónoma que lles estimule para os futuros estudos universitarios.

O alumnado que se incorpore ao bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía (STEMbach):

a) Cursará unha materia de afondamento relacionada co ámbito STEM (ciencias, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas) **extracurricular**, en 1º e 2º de bacharelato,. Terá unha carga lectiva semanal de 2 ou 3 horas fóra do horario ordinario do alumnado. Esta materia será a mesma nos dous cursos coa correspondente secuenciación curricular.

b) Desenvolverá un proxecto de investigación, no segundo curso do bacharelato, **relacionado con calquera ámbito de coñecemento das materias cursadas no bacharelato**.

c) Realizará actividades complementarias de formación, organizadas polo centro en colaboración con universidades, entidades ou organismos investigadores, ou persoas investigadoras de recoñecida competencia; como conferencias, obradoiros ou proxectos.

d) O alumnado recibirá unha credencial da dirección do centro de que realizou os estudos correspondentes a este programa, non influíndo a nota recibida na materia de afondamento na media do bacharelato.

ENTREGAR CUBERTO SÓ SE ESTÁ INTERESADA/O en participar no proceso de selección do bacharelato STEMbach:

NOME E APELIDOS		
MODALIDADE DE BACHARELATO		Teléfono de contacto

Ferrol, de do 2022

Sinatura da/o alumna/o